

## Que é Emprende VGA?

É un programa formativo municipal que pretende achegar novas tendencias, actualizacións de coñecementos e mellores prácticas para fortalecer o tecido empresarial de Vilagarcía.

### ■ OPORTUNIDADES

Está deseñado para dinamizar a cidade desde o punto de vista do emprendemento e a creación de novas oportunidades laborais e empresariais.

### ■ INNOVACIÓN

Ten un enfoque eminentemente práctico, e un afán de achegar novidades e novos enfoques co fin de modernizar ideas e modelos de negocios.

### ■ NETWORKING

É tamén un proxecto integrador orientado a sumar esforzos para a creación dunha comunidade de persoas e organizacións emprendedoras traballando en rede.

## Tes unha idea?

Nestes cursos atoparás o coñecemento necesario para canalizar a túa inspiración e as túas ideas, ademais de atopar a persoas que comparten ilusión por emprender un negocio.

## A quen vai dirixido?

### ■ EMPRENDEDORES/AS

Se buscas melloras para o teu negocio, nestas xornadas atoparás valiosas claves para actualizarte e focalizar os procesos de cambio que che reorienten mellor cara o éxito.

### ■ PARA NEGOCIOS CONSOLIDADOS

Seguir a flote a pesares da crise ten un gran valor, por iso actualizarse e buscar novas motivacións e inspiracións para o teu negocio serán aspectos que atoparás nestes cursos, que che permitirán seguir ampliando e rendibilizando a experiencia do teu negocio.



+ INFO: [WWW.EMPRENDEVGA.COM](http://WWW.EMPRENDEVGA.COM)

#empredevga



8 DE ABRIL-16 XUÑO 2015

SALÓN GARCÍA  
AUDITORIO  
ESPAZO DALLEQDALLE COWORKING

+ INFO: [WWW.EMPRENDEVGA.COM](http://WWW.EMPRENDEVGA.COM)

#empredevga

Promove e patrocina:



Colabora:



Organización técnica:



**MÉRCORES 8** · 20:45 · Salón García

## Conferencia acto inaugural: Lánzate, agora é o momento

IMPARTE: Roberto Pérez Marijuán / Juan José Romero Crusat [SUMA IMPORTANCIA]  
Aberto ao público ate completar aforo

**XOVES 9** · 17:00-21:00 · Coworking

## Workshop: Como sacarlle máis partido ao teu negocio

Aprenderás a analizar o teu modelo de negocio e como sacar o máximo potencial á túa empresa ou proxecto.

IMPARTE: Roberto Pérez Marijuán / Juan José Romero Crusat [SUMA IMPORTANCIA]

**VENRES 10** · 17:00-21:00 · Coworking

## Workshop: Donde están os teus clientes?

Coiñecerás técnicas concretas para aprender a analizar e segmentar mercados e a definir o foco do teu negocio.

IMPARTE: Miguel Ángel Fernández Torres [MARKETING TANGIBLE]

**MARTES 14 / MARTES 21** · 17:00-21:00 · Coworking

## Monográfico. Taller de oratoria: Falar en público.

Desenvolverás e reforzarás capacidades e competencias de comunicación que melloren a túa expresión oral.

IMPARTE: Concha Diéguez [REVERSO COMUNICACIÓN]

**XOVES 23** · 17:00-21:00 · Coworking

## Workshop: Innovar en procesos, produtos e servizos

Técnicas para incorporar a innovación e a creatividade a actividade profesional e incorporación de melloras significativas nos procesos produtivos.

IMPARTE: Diego Parajó Naveira [diegoparajo.com]

**MARTES 28 / MARTES 5 MAIO** · 17:00-21:00 · Coworking

## Monográfico. LinkedIn: xerando oportunidades en internet

Obterás un coñecemento máis claro e útil das posibilidades que ofrece LINKEDIN para potenciar e facer visible o teu perfil profesional e as túas competencias técnicas.

IMPARTE: Raquel Pedrouso [Evolutia Consulting]

**XOVES 30** · 19:00-21:00 · Coworking

## Cápsula: APPs para comunicar mellor

Nun océano de apps, descobre cales poden contribuír a mellorar a túa estratexia comercial e de imaxe, pero tamén de organización, produtividade e xestión do tempo.

IMPARTE: Diego Parajó Naveira [diegoparajo.com]



**MÉRCORES 13 / XOVES 14** · 17:00-21:00 · Coworking

## Monográfico: Técnicas para optimizar campañas promocionais nos comercios

Como optimizar as promoción de vendas e as campañas de merchandising, escaparatismo e cartelería, sobre estratexia de prezos e comunicación.

IMPARTE: Chío Infante [Clima Comunicación]

**XOVES 14** · 21:00 · Stocolmo 2.0

## Afterwork: Novas fórmulas de monetizar os negocios

A revolución da tecnoloxía e as redes sociais abren múltiples posibilidades de xerar ingresos para os nosos negocios, ampliando o mercado a unha contorna global.

IMPARTE: Chío Infante [Clima Comunicación]

**SÁBADO 16** · 10:00-14:00/ 16:00-20:00 · Coworking

## Monográfico: E ti, que vendes? Habilidades comerciais para emprender.

A finalidade deste curso é facerche reflexionar sobre a importancia do coñecemento e orientación ao mercado (clientes, provedores, competidores, etc.), promover actitudes para mellorar a capacidade vendedora e xerar unha corrente de positivismo ante os clientes.

IMPARTE: Pedro Rodríguez [Océano Consultores]

**MARTES 19** · 19:00-21:00 · Coworking

## Cápsula formativa: As redes sociais na empresa

Descobre cales son as máis relevantes e como sacarlles partido para a túa empresa.

IMPARTE: Jorge Lafuente

**XOVES 21** · 21:00 · Casa Sumay

## Afterwork: E-commerce. Como vender en internet

Descubre cales son as claves e como se monta unha tenda on-line. Imaxinas vender as 24 horas do día?

IMPARTE: Jorge Lafuente

**MARTES 26** · 17:00-21:00 · Coworking

## Workshop: Liderazgo e xestión de equipos

Aprenderás a recoñecer as características dun líder e a esas competencias para sacarlle partido ao teu equipo.

IMPARTE: Enma Blanco [Behappi.es]

**XOVES 28** · 21:00 · La Marina

## Afterwork: Millenials. Como serán os clientes do futuro?

Unha nova xeración de persoas cunha nova forma de relacionarse, traballar e comprar.

IMPARTE: Diego Parajó Naveira [diegoparajo.com]

**MARTES 2** · 10:00-14:00 /16:00-18:30 · Coworking

## Xornada: Taller de explotación urbana: atopar nichos de mercado na zona centro de Vilagarcía

Nesta xornada investigaremos a oferta comercial da zona centro da cidade co obxectivo de atopar nichos de negocio e analizar oportunidades comerciais.

IMPARTE: Diego Parajó Naveira [diegoparajo.com]

**XOVES 4** · 17:00-21:00 · Coworking

## Workshop: Coaching na empresa

Neste taller coñecerás o potencial de aplicar o coaching na empresa, así como clarificar e resolver as túas metas profesionais, definir obxectivos e plans de acción.

IMPARTE: Raquel Barrero [raquelbarrero.com]

**VENRES 5** · 19:00-21:00 · Coworking

## Cápsula: A franquicia como unha opción de emprego

Da man dun experto no tema de franquicias poderás descubrir as posibilidades de emprender dunha forma ben regulada e segura.

IMPARTE: Pablo Manuel Campos Beneite [Mundofranquicia Consulting]

**LUNS 8 A SÁBADO 13** · 10:00-14:00 · Coworking

## Mentoring: Taller de maduración de ideas empresariais

Tras un proceso de selección, os proxectos serán mentorizados e recibirán formación por expertos ao longo dunha semana. Infórmate en [www.emprendeVGA.com](http://www.emprendeVGA.com)

IES de Vilagarcía

## Mentoring: Startup: Aprende a montar unha empresa de base tecnolóxica

Tras unha selección nos Institutos de Vilagarcía organizaranse 7 sesións onde se analizará cal é camiño para montar unha empresa de tecnoloxía. Infórmate en [www.emprendeVGA.com](http://www.emprendeVGA.com)



**LUNS 15** · 09:30-15:30 · Auditorio Municipal

## Xornada: Emprende VGA

Xornada sobre emprendemento en Vilagarcía. Información sobre financiación, fórmulas xurídicas, emprendemento social, nichos de mercado en vilagarcía, casos de éxito.

Infórmate en [www.emprendeVGA.com](http://www.emprendeVGA.com)